

## 2\_ Quen pode presentar unha solicitude

Persoas **desempregadas**, non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación, inscritas na Oficina de Emprego que lle corresponda, que acrediten o nivel académico mínimo (graduado en ESO) ou as competencias clave (nivel 2) e que amosen algunha das seguintes situacións:

- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Estar empadroad/a en algún dos concellos do territorio do proxecto (poboación inferior a 50.000 habitantes)
- Habitar en zonas consideradas rurais
- Pertencer a algún dos seguintes colectivos:

Persoas desempregadas de longa duración (PLD): en situación de desemprego durante mais de 6 meses continuos si son persoas menores de 25 anos ou durante mais de 12 meses continuos si teñen unha idade igual ou superior a 25 anos.

Xuventude menor de 30 anos non participante en accións do Programa Operativo de Emprego Xuvenil (POEJ)

Persoas maiores de 55 anos.

Persoas con certificado de discapacidade sen impedimento físico ou psíquico que lle impida o normal desenvolvemento das accións formativas e da profesión á que vai asociada esa formación.

Persoas inmigrantes.

Persoas pertencentes a minorías étnicas e comunidades marxinadas.

Outros colectivos desfavorecidos como: participantes que viven en fogares compostos dun único adulto con fillos ao seu cargo; persoas sen fogar ou afectadas pola exclusión en materia de vivenda; vítimas de violencia de xénero; vítimas de discriminación por orixe racial ou étnico, orientación sexual e identidade de xénero; solicitantes de asilo; persoas con problemas de adicción; persoas reclusas e ex reclusas; perceptoras de rendas mínimas ou salarios sociais; persoas con fracaso ou abandono escolar.

Outras persoas en situación de vulnerabilidade acreditada por un informe dos Servizos Sociais Municipais.

### **Reservas de prazas para mulleres:**

Atención Sociosanitaria á persoas dependentes en Institucións: 10 mulleres en cada unha das 5 edicións